

RESOLUCIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN, CON REFERENCIA 2019/CP/078, PARA UN/HA COLABORADOR/A PARA DESENVOLVER TAREFAS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL, CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 8 DE ABRIL DE 2019

De acordo coa acta do Órgano de Selección da convocatoria de contratación con referencia 2019/CP/078, para un/ha colaborador/a para desenvolver tarefas de administración e de xestión do Campus Industrial de Ferrol, publícase esta resolución:

O 8 de abril do 2019, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria das bases reitoras para a selección e contratación laboral dun técnico administrativo a tempo completo (Ref. 2019/CP/078), destinado á colaboración para a desenvolver as tarefas do convenio do Campus Industrial que inclúe á administración, xestión, coordinación e xustificación das actividades do convenio, organización de eventos e apoio á xestión de grupos.

1. O Órgano de Selección constituíuse na Sala de reunións da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social o día 29 de maio de 2019.
2. O Órgano de Selección estivo formado polos seguintes membros:
 - D.^ª Araceli Torres Miño, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da Universidade da Coruña, presidenta
 - D.^ª María Jesús Caínzos López, vicexerente do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña, vogal
 - D. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña, secretario
3. Tralo estudo e valoración das solicitudes que se presentaron, o Órgano de Selección decide declarar deserta a convocatoria por non cumprir os/as candidatos/as os requisitos mínimos da convocatoria ou por non adaptarse ao perfil desexado.

O Órgano de Selección decide publicar esta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán presentar reclamacións ante a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social no prazo de tres días que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 30 de maio de 2019

O secretario do Órgano de Selección

Ginés Nicolás Costa

Visto e prace

A presidenta do Órgano de Selección

Araceli Torres Miño